

CONVOCATORIA ESPAZOS EFIMEROS POP UPs ESPAZOCOOP

LACES é un proxecto cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

O proxecto LACES ten como fin último **contribuír á creación e consolidación de empresas e entidades de economía social**, favorecendo a creación de emprego de calidade na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. Para iso pretende actuar como fonte de coñecemento e innovación, modernizando as estratexias de promoción e apoio a esta economía solidaria e colaboradora a través da execución de programas piloto para conseguir un salto cuantitativo no impulso de proxectos empresariais de economía social no espazo transfronterizo Galicia Norte de Portugal.

Que son ?

No marco da actividade “Laboratorios para a creación e consolidación de empresas de economía social” contempla, entre outras, a seguinte acción:

Organización de **espazos efémeros ou POP UPs** onde as persoas emprendedoras, en fases avanzadas da súa idea de negocio, ou proxectos empresariais da Economía Social que queiran poñer en marcha ou impulsar novas liñas de negocio, produto ou servizo, poidan expor os seus proxectos durante un tempo limitado en espazos seleccionados e acondicionados con este fin, permitíndolles obter unha retroalimentación directa coas persoas consumidoras antes de lanzarse definitivamente ao mercado. Este tipo de dinámica está especialmente orientada a aqueles proxectos que se materialicen nun produto físico, pero tamén a entidades prestadoras de servizos, sempre que sexan susceptibles de exposición e contraste co público destinatario.

Cando se vai celebrar ?

Realizaranse dúas edicións de espazos efémeros onde participarán como mínimo un total de 15 e un máximo de 20 proxectos/entidades seleccionados/as.

O primeiro dos espazos celebrarase en **Maio** nos días: **9, 10, 11**

O segundo dos espazos celebrarase en **Novembro** nos días: **7, 8, 9**

Donde se vai celebrar ?

A primeira edición ten prevista a súa celebración no Mercado do Progreso na cidade de Vigo.

A segunda edición ten prevista a súa celebración no centro comercial Marineda City na cidade de A Coruña.

Quen pode participar ?

Poderán participar grupos de persoas emprendedoras ao abeiro das fórmulas da economía social, en fases avanzadas da súa idea de negocio, ou proxectos empresariais da Economía Social (Cooperativas, Sociedades Laborais, Centros Especiais de Emprego, Empresas de Inserción) que queiran poñer en marcha ou impulsar novas liñas de negocio, produto ou servizo, e que sexan seleccionadas/os en función das características do proxecto e criterios da entidade organizadora.

Os proxectos que se busca captar deberán ter un perfil de emprendemento en economía social ou ser empresas de economía social xa constituídas en fase de lanzamento dun novo produto, servizo ou proxecto ou expansión da súa actividade.

Orde de preferencia :

- Cooperativas socias que reunan o perfil das beneficiarias da actividade, incluíndo as que non foron beneficiarias doutras actividades de acompañamento e tutorización. Será imprescindible estar ao corrente coas obrigas económicas e de información coa Unión.
- Se non se cubren as prazas, poderanse incorporar outras cooperativas non socias, entidades de economía social que fagan parte de redes de economía social como o Foro Ec.Social Galega; REAS Galicia, Coop57, Fiare, etc.
- Grupos promotores de proxectos de economía social en proceso de constitución.

Criterios:

Valoraranse criterios como a potencialidade de crear ou manter emprego de calidade, a sustentabilidade, o fomento da igualdade, a rendibilidade económica e social, a intercooperación así como o potencial das persoas que están a impulsar o proxecto en termos de capacidade para o traballo en equipo, liderado, creatividade, negociación, etc., xa que estas habilidades serán clave para asegurar o éxito futuro do proxecto

Condicións da participación ?

A participación no evento non suporá **custo** para as entidades seleccionadas, agás a manutención, produto ou servizo a expor ou para degustacións e materiais propios de difusión ou promoción. Poderase solicitar a constitución dunha fianza para garantir os compromisos adquiridos que será devolta unha vez rematada a participación no mesmo.

Por parte da entidade organizadora proporcionaranse espazos acondicionados e dotados de tódolos medios necesarios, incluídos medios telemáticos e de pago. Durante a fase de celebración poderán ter lugar sesións formativas ou obradoiros coworking entre as persoas e entidades participantes e dar a coñecer exemplos de boas practicas relacionadas coa temática. Levarase a cabo un plan de comunicación e difusión dos eventos a cargo tamén da entidade organizadora.

Durante toda a duración de cada POP UP, cada un dos proxectos e entidades participantes estará asistido por persoal de apoio loxístico, que prestará apoio en todo o relativo a instalación dos stands e produtos, proceso de oferta e compra-venda, mostras e degustacións, grao de satisfacción das persoas clientes, avaliación final, co fin de asegurar un mellor aproveitamento da experiencia e para poder ter asistencia in situ ante calquera necesidade que poida xurdir durante a dinámica.

Poderase solicitar a participación nun só evento ou nos dous, se ben en función das demandas de participación a entidade organizadora se reserva o dereito de asignación de prazas, tendo preferencia aquelas entidades que non tivesen participado nun evento anterior, ben sexa organizado por Espazocoop ou por calquera outra entidade socia do proxecto LACES. Valorarase asimismo, a compensación, no seu caso, dos gastos de aloxamento e traslados das entidades participantes en cada un dos POP-UP.

Prazo de solicitude ?

A data de finalización do prazo para poder solicitar a participación nos eventos remata as 24:00 horas do día **31 de Marzo de 2019**.

Formulario de solicitude, fai clic aquí